

DECRETO DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: Nomeamento do tribunal de selección para a selección de persoal do Obradoiro Cumes da Terra Chá VI (Begonte- Rábade- Friol).

Vista, a Orde do 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (Diario Oficial de Galicia nº 46, de 8 de marzo de 2022).

Visto o artigo 10 da citada Orde, que sinala que a selección do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación e Colocación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Vista a Resolución de 28/07/2022, da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de Lugo, pola que se concede a subvención para o **obradoiro dual de emprego “Cumes da Terra Chá VI”**, sendo a entidade promotora o Concello de Begonte. O proxecto formativo consta de dous Certificados de profesionalidade, con 20 alumnos/as traballadores/as en total, co seguinte desglose:

- **EOCB0310:** Revestimentos con pezas ríxidas por adherencia en construción. Nivel 2 con 13 alumnos/as traballadores/as
- **EOCB0209:** Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización. Nivel 1 con 7 alumnos/as traballadores/as

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 02/09/2022.

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

Presidenta: Dna. Natalia Puente Piñeiro, Persoal do Concello de Begonte.

Suplente: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Persoal do Concello de Begonte.

Secretaria: Dna. María Belén Regueiro Vázquez, Persoal Concello de Rábade.

Suplente: D. José Angel Balseiro Amido, Persoal do Concello de Rábade.

Vogais:

- Titular: Francisco Quinzá-Torroja García, Técnico do servizo de Formación para o Emprego e Orientación.
- Suplente: Dna. M^a Angeles Corral Debasa, Persoal do Concello de Rábade
- Titular: Dna. M^a Jesús Blanco Prado, Persoal do Concello de Begonte.
- Suplente: María Jesús Grandío Río, Persoal do Concello de Guntín.
- Titular: D. Pablo Veiga López Castelo, Persoal do Concello de Friol.
- Suplente: D. Julio González Casanova, Persoal do Concello de Friol.

SEGUNDO.- Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro luns, día 19 e martes día 20 de setembro de 2022 ás 8h50 horas nas Oficinas da Casa do Concello de Begonte, para a súa constitución.

Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da realización da selección, no seguinte horario:

- Para 1 **Director/a**: día 19 de setembro 2022 ás 9,00
- Para 2 **Monitores/as**: día 19 de setembro 2022 ás 11:00
- Para 1 **Administrativo/a**: día 19 de setembro 2022 ás 12:30
- Para 20 **Alumnos/traballadores**: día 20 de setembro 2022:
 - ás 9,00 horas para alumnos - traballadores do módulo que se vai a impartir en Rábade (5 alumnos)
 - ás 10,30 horas para alumnos - traballadores do módulo que se vai a impartir en Friol (7 alumnos).
 - ás 12,00 horas para alumnos - traballadores do módulo que se vai a impartir en Begonte (8 alumnos)

* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo e ca documentación sinalada nas bases co obxecto de valorar méritos.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de anuncio da Casa do Concello, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica, na Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asínao o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde- Presidente

O Secretario- Interventor.